

SECUENCIA DIDÁCTICA BASEADA EN TAREFAS

TÍTULO	Obxectos e textos para a exposición "Gabinete das Marabillas"
NIVEL: 1º BAC	TEMPORALIZACIÓN Seis sesións: a 1ª no primeiro trimestre, a 2ª, 3ª, 4ª no segundo e a 5ª e 6ª no terceiro.
ÁREA/S:	Lingua Galega Este traballo forma parte dun proxecto máis amplo no que participan as seguintes áreas: Biblioteca, Plástica, Música, Matemáticas, Historia, Francés, Grego e Inglés, en distintos cursos.
EQUIPO DOCENTE	María Isabel Seoane Sánchez

Obxectivos xerais:

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos didácticos	Criterios de avaliación
-Búsqueda de información. - Produción de textos escritos. -Uso de correctores lingüísticos, tradutores, dicionarios. -Elaboración dun obxecto da época romana con criterio estético	B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.
Contidos	
B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados. B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.	
Competencias clave:	Estándares de aprendizaxe
▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos

	textos expositivos. LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.
Actividades e tarefas. Secuencia didáctica:	PRODUTO FINAL
1º sesión: Explicación sobre os criterios de búsqueda de información. Uso de dicionarios, correctores e tradutores. 2º sesión: Explicación das características e estrutura dos textos expositivos 3º sesión: Explicación das características e estrutura dos textos narrativos 4º sesión: Lectura e análise de textos expositivos e narrativos 5º sesión: Formación dos grupos, explicación do traballo que hai que desenvolver e criterios de avaliación. Fóra da aula: elaboración dun obxecto (supostamente achado na vila romana de Caldoval) co texto xustificativo, narrativo ou expositivo, correspondente. 6º sesión: Exposición na aula. PROFESORADO responsabe da montaxe da exposición (biblioteca e dep. de música). Elaboración do catálogo: profesora de plástica e alumnado de 4º ESO.	Produto: Obxectos para crear un Gabinete das Marabillas relacionado co mundo romano, concretamente coa vila romana de Caldoval (Mugardos) acompañados de texto explicativo da orixe e historia de cada un deles. Recursos: materiais variados para a elaboración dos obxectos; barro, madeira, cristal, óso..., internet e teléfonos móbiles. Vídeo da exposición e catálogo da mesma.
	Instrumento de avaliación:
	Rúbrica cos seguinte itens: • Idea e documentación • Presentación • Corrección ortográfica • Redacción • Obxecto